



# O teu Concello infórmate

## Canon da auga

*É o meu deber informar ós veciños dun novo imposto creado pola Xunta de Galicia que os concellos están obrigados a aplicar desde o 1 de xullo de 2012, xa que a lei así lle lo esixe, e que supón unha nova taxa destinada ó financiamento das infraestructuras hidráulicas da Xunta de Galicia.*



*O Concello de Paderne, en cumprimento da mesma, ten a obrigatoriedade, tanto de aplicala na súa totalidade e co rigor que se lle esixe, como de informar a tódolos veciños do cómo e o por qué se aplica aínda que os beneficios da taxa imposta non repercutan para nada nas arcas municipais dado que son integramente para a Xunta de Galicia convertendo ó Concello nun mero recadador sen beneficio nin capacidade.*

*O único que podemos facer é axudar, a todos os que así o demanden, na tramitación dos descontos e bonificacións ós que se poden acoller en tódolos casos que contempla esta lei. Así, os veciños que o precisen, poden achegarse ata as oficinas municipais onde serán orientados e axudados para realizar as oportunas xestións e así aplicar as bonificacións que esta lei contempla.*

*Feitas estas aclaracións, vai de seguido unha explicación pormenorizada deste novo imposto da Xunta de Galicia.*

## ¿Que é?

É un novo imposto creado pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, organismo dependente da Xunta de Galicia destinado á protección medioambiental e ó financiamento das infraestruturas hidráulicas que se prevexan nos instrumentos de planificación hidrolóxica.

## ¿Cando comeza a aplicarse?

O día 1 de xullo de 2012, momento no que entrou en vigor o Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

## ¿Como se aplica?

Ten dúas compoñentes: unha fixa e outra variable.

- A **compoñente fixa** é de **0,5 €/mes** nas vivendas cuxo consumo mensual sexa inferior ou igual ó tramo social (6 m<sup>3</sup> en vivendas de tres ou menos persoas, 8 m<sup>3</sup> en vivendas de catro persoas, 10 m<sup>3</sup> en vivendas de 5 persoas...) e de **1,5 €/mes** no caso de que o consumo mensual sexa superior.
- A **compoñente variable** é un sistema progresivo que toma en consideración o volume consumido e o número de persoas que habitan na vivenda; desta forma, dúas vivendas que rexistren o mesmo consumo mensual, pagarán distinto canon da auga en función do número de persoas que habiten nela.

## ¿Como realizaríamos o cálculo?

Ben, si temos en conta que debemos aplicar as dúas compoñentes e tamén que grava o consumo, debemos ter en conta os baremos seguintes:

- En primeiro lugar, si á nosa taxa lle vamos a ter que aplicar un gravame, para o cal teríamos en conta a seguinte táboa:

Tramo de consumo (m <sup>3</sup> /mes)	Tipo de gravame
Consumo de 0 – 6	0,00 €/mes
Consumo de 6 – 12	0,28 €/mes
Consumo de 12 – 24	0,36 €/mes
Consumo superior a 24	0,41 €/mes

- En segundo lugar, aplicar as cotas da compoñente fixa ó consumo que teñamos, para o cal vamos a poñer uns exemplos de cálculo:

- 1º.- Para unha vivenda que consuma 6 m<sup>3</sup>/mes (6.000 litros), o importe a pagar serían de 0,5 € (de cota fixa) e non se lle aplicaríase a cota variable ó non superar o consumo.
- 2º.- Para unha vivenda que consuma 21 m<sup>3</sup>/mes (21.000 litros), o importe a pagar sería de 1,50 € (de cota fixa) porque excede os 6 m<sup>3</sup>; e a este exemplo aplicaríase a cota variable da seguinte maneira: os primeiros 6 m<sup>3</sup> son gratis, os 6 m<sup>3</sup> seguintes serían a 0,28 €/m<sup>3</sup>, o que daría un importe de 1,68 €, por último, ós 9 m<sup>3</sup> seguintes aplicaríase o 0,36 €/m<sup>3</sup> o que daría un importe de 3,24 €. Polo tanto, sumando a cota fixa e a cota variable que toma en consideración o volume consumido, esta vivenda pagaría o seguinte: **1,50 de cota fixa + 1,68 (1º tramo) + 3,24 (2º tramo) = 6,42 €/mes**

## ¿Quen regula as taxas?

O organismo Augas de Galicia quen, por lei, está obrigado a considerar que en cada domicilio viven tres persoas, polo que, no caso de residir máis persoas deberáse solicitar a Augas de Galicia a modificación deste número e así poder beneficiarse de maiores volumes de auga nos tramos máis baratos segundo o modelo AU230H.

## ¿Contempla algunhas bonificacións?

Si, as familias numerosas poden reducir o importe do canon da auga a metade. Para solicitar a súa redución, a persoa que figure como titular de familia numerosa, deberá presentar o modelo AU2301.

## Usos da auga exentos do canon da auga

Os agrarios, gandeiros, forestais e os destinados a unha unidade de convivencia independente que acredite estar en situación de exclusión social.

***Polo antes exposto, vémonos na obriga de emitir proximamente os recibos do Canon sobre o consumo da auga efectuado no 2º Semestre de 2012 ós usuarios da Traída Municipal de Auga.***

## Xornada contra a violencia de xénero

O día 30 de novembro, o Concello de Paderne sumouse ós actos de reivindicación da non violencia contra a muller presidido polo Alcalde e as Concelleiras de Servizos Sociais e Muller.

Realizouse no local de Quintas; mulleres e homes de Paderne realizaron a lectura dunhas poesías sobre a figura da muller finalizando o acto coas cancións das persoas da UNED Senior Paderne matriculadas na materia de música.

## Festa de Nadal

A Festa de Nadal que o Concello organiza para os pequeniños das Escolas de Educación Infantil celebrouse o pasado 19 de decembro; nesta ocasión foi a Concelleira de Cultura a que se encargou de presentar o acto e desexarlles a tódolos presentes unhas felices festas.

Unha vez rematada a representación de títeres, de un en un, foron entregando as súas peticións a Papá Noel e despois sacaron unha foto de recordo todos xuntos antes de partir pensando nos agasallos que nesta ocasión deixará en cada unha das casas.

## Concerto de Nadal e Fin de Ano

Os días 20 e 27 respectivamente celebráronse estes concertos, xa clásicos, na programación cultural do Concello e que sempre conseguen completar o aforo do Salón de Sesións. *Federico Álvarez* e *Mijail Moriatov* foron os encargados de facer pasar uns bos momentos coa súa música a tódolos asistentes entre os que non podía faltar o Alcalde acompañado polo equipo de goberno.

## Cabalgata

O día 4 de xaneiro, as Súas Maxestades fixeron unha parada no Concello de Paderne para recoller as cartas de tódolos nenos e nenas que, ilusionados, acudiron ó pavillón polideportivo municipal para festexar esta importante visita.

Este día o Alcalde e os concelleiros de cultura entregaron os premios ós nenos e nenas participantes no concurso de debuxos e narracións que está a acadar unha maior participación e calidade en cada unha das súas edicións; estas obras son mostradas ó público o día da Cabalgata no propio polideportivo. Unha actuación de maxia puxo punto final a esta visita.



*O Alcalde dando a benvinda ós Reis*

## Excursión a Cangas do Morrazo

Realizouse o día 20 de xaneiro. Unha visita guiada polo casco vello para coñecer exemplos únicos de arquitectura mariñeira e relixiosa, ademais dunha parada no Cruceiro de Hío, foron os centros de interese da xornada de mañá.

Despois da comida, a parroquia de Aldán, na que se celebraban as festas na honra a San Sebastián, foi a última visita antes de regresar a Paderne.



## Homenaxe a Manuel Gómez Purriños polo seu centenario

O día 8 de febreiro o Alcalde achegouse ata o lugar da Goexa, en Adragonte con motivo do homenaxe que lle realizou a Manuel Gómez Purriños polo seu centenario.

Unha placa conmemorativa e unha copia enmarcada da súa partida de nacemento recordarán, para a súa familia, que o pasado 7 de xaneiro Manuel puido celebrar os 100 anos de vida.

*O Alcalde achegouse ata a Goexa para celebrar os 100 anos de Manuel*

## Entroido

Foron moitos os que non quixeron perder o colorido e animado espectáculo do Entroido en Paderne que, o pasado día 13 de febreiro, despideu estas festas cunha gran cantidade de disfraces competindo en imaxinación e vistosidade. A entrega de premios, dos que fixo entrega o Alcalde acompañado polos concelleiros de cultura, pechou esta noite en Paderne.



*Entroido 2013*

## Apoio ó Colexio de Educación Infantil e Primaria Vales Villamarín

O Concello de Paderne ven de prestar o seu apoio, xunto cos concellos de Coirós e Betanzos, á reivindicación realizada pola directiva do Vales Villamarín para que a Xunta de Galicia aumente a partida de 100.000 € contemplados nos presupostos deste ano e converter así a construción dun novo colexio nunha realidade.

Os atrasos que está a sufrir esta nova dotación están manter ás actuais infraestruturas ó limite da súa capacidade repercutindo na calidade da educación que reciben os nosos escolares e que todo Organismo público debe defender como un dos piares básicos da sociedade.

## Apoio ós gandeiros

Conscientes dos continuos abusos que teñen sumido ó sector lácteo nunha profunda e grave crise e as consecuencias que para o agro galego en xeral e o noso Concello en particular está a representar esta situación, o Alcalde someteu a votación do Pleno unha proposta co obxectivo de amosar a solidariedade e o compromiso do Concello de Paderne co sector.

O grupo de goberno non pode manterse ó marxe da situación que están atravesando as explotacións gandeiras percibindo rendas indignas polo seu traballo e, ó mesmo tempo, non pode deixar de solidarizarse cun produto galego de calidade do que sempre se presumiu fóra de Galicia e que agora se atopa afogado pola especulación e as prácticas abusivas das grandes superficies.

## Apoio á Alzheimer

Aprobación, da proposta presentada polo Alcalde no Pleno de 24 de setembro da Declaración de «Poboación solidaria co Alzheimer».

O Concello de Paderne ven de traballar desde fai varios anos neste problema programando charlas informativas en colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de A Coruña así como na programación de xornadas para o coidado destas persoas.

No mesmo sentido e conscientes da repercusión que esta enfermidade está a ter na sociedade, está dedicando un gran esforzo á prevención programando desde fai varios anos talleres de memoria para maiores que freeen, na medida do posible, os deterioros cognitivos e o avance deste mal.

## Recollida de tapóns

O Concello de Paderne está a colaborar coa Fundación Seur no proxecto «Tapóns para unha nova vida». Para elo, colocouse na Casa do Concello un punto de recollida de tapóns de plástico.

A finalidade desta recollida é axudar a nenos e nenas a acceder a un tratamento médico ou a aparatos ortopédicos que logren mellorar a súa vida a través da reciclaxe de tapóns de plástico. Os tapóns válidos son os de botellas de auga, de bebidas refrescantes, zumes, leite, aceite, o tapón do champú, xel, pasta de dentes, o do deterxente líquido da lavadora, as tapas das margarinas, dos patés, as do cacao en po...

Cantos máis xuntemos, máis axudamos entre todos á mellora da vida dos que o necesitan.

## Delimitación Camiño Inglés

Aprobación, da proposta presentada polo Alcalde no Pleno de 15 de xaneiro de solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de que sexan tidos en conta a postura e os intereses do Concello de Paderne en relación ó novo trazado do Camiño Inglés, dado que se considera restrinxir en demasía as actuacións a promover polos veciños e o asentamento das persoas no Concello de Paderne xa regulados no PXOM.

## Furanchos

O pasado día 17 de xaneiro, os concellos de Oza, Coirós, Betanzos e Paderne, mantiveron unha reunión co obxecto de elaborar unha Ordenanza para aplicar o Decreto 215/2012 da Xunta de Galicia que regulariza os **Furanchos** da Comunidade Autónoma. Con ela, os catro concellos pretenden establecer unha normativa conxunta que, aplicando a lei, non perxudique a este tipo de economía tan arraigada no entorno.

## Plan de Obras e Servizos 2013. POS 2013

No Pleno de data 15 de xaneiro de 2013, aprobouse a inclusión no Plan de Obras e Servizos 2013 (POS 2013) da Deputación de A Coruña, a inclusión dos seguintes proxectos de obras así como a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013:

**OBRA: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE VELOUZÁS, SOUTO, PADERNE E VIÑAS** por un importe total de 55.754,16 €. que inclúen a mellora dos seguintes camiños:

Velouzás: Camiño de Plantel a Gas

Souto: Camiño de Cruce de Vilademeus a Chantada (As Ribas)

Camiño de Hospital a Matacabalos (Cantarilla)

Camiño de Vidal a Caseta (paso a nivel ferrocarril)

Viñas: Camiño de Montecelo a camiño da Veiga

Paderne: Camiño do Iglesiasario

Camiño de núcleo de Obre

**FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES** por un importe de 83.631,23 €

## Sendas Peonís (Obre – Betanzos)

A Deputación de A Coruña ven de aprobar, nos presupostos para este ano 2013, unha partida orzamentaria para realización do proxecto de dotación de **sendas peonís de Obre a Betanzos**. Esta actuación ten como fin aumentar a seguridade viaria e a potenciación do patrimonio paisaxístico dentro do ámbito territorial relacionado co río Mandeo.

## Subvencións Nominativas

Tendo en conta as dificultades polas que estamos a atravesar, dada a situación de crise, e ante a inexistencia de recursos económicos municipais para asumir os custos derivados do mantemento dos servizos que desde fai anos se veñen prestando ós veciños, solicítase unha subvención nominativa por un importe total de **40.000 €** á Deputación de A Coruña, para facer fronte ós gastos que dos mesmos se derivan.

Desde o departamento de servizos sociais, ven de solicitar unha subvención nominativa para o financiamento do programa de **Axuda no Fogar** por un importe de **10.161,66 €** a fin de poder atender as necesidades de persoas ou familias que precisen atencións no propio domicilio e así mellorar a súa calidade de vida.

A través da sección de promoción económica, solicítase unha subvención de **18.195,12 €** para a **Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local** a fin de seguir fomentando a actividade económica e social do Concello.

Para o programa de **Actividades Culturais e Deportivas** unha subvención de **11.643,22 €** e así seguir proporcionando ós veciños os recursos necesarios para unha boa calidade de vida e relación entre as distintas parroquias.

## Entrega de material para rutas de sendeirismo

O Concello de Paderne, xunto con outros nove concellos, está integrado dentro do programa denominado «Proxecto Mandeo» cofinanciado pola Deputación Provincial e os Fondos FEDER.

Este programa, que se realiza en varias anualidades, intenta transformar a cunca do río Mandeo mediante diversas actuacións ata recuperar este entorno de gran valor ecolóxico, cultural e paisaxístico.

Con este fin, a Deputación Provincial aprobou a fase 2012 con subministro de **Maquinaria de Xardinería**.

O Concello ven de recibir a citada maquinaria integrada por:

- Un tractor corta-césped con asento
- Unha biotrituradora
- Unha desbrozadora de mochila
- Unha hidro-limpadora

### Excursión a Quiroga

A segunda excursión do ano de «Paderne en Familia» será o domingo **24 de febreiro** ó Concello de Quiroga, na provincia de Lugo.

Ese día celébrase a **XIII Mostra do Aceite**. Está programada a visita a antiga almazara para ver a elaboración artesanal do aceite; haberá unha cata dos aceites elaborados, actuacións musicais e, no recinto feiral poderemos mercar, ademais do aceite, outros produtos da zona ademais de degustar o polbo ou o churrasco.

Pola tarde visitaremos o Museo Municipal Etnográfico e o Museo Municipal Xeolóxico.

Poden asistir persoas de tódalas idades empadroadas no Concello de Paderne cunha aportación por persoa de **25 €**. Os interesados teñen ata o **20 de febreiro** para realizar a súa reserva de praza. O día da excursión os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias ás **8 da mañá**.

### Balneoterapia

O Concello de Paderne ten prevista as seguintes saídas de balneoterapia ó balneario de Guitiriz os días 1 de marzo e 5 de abril. Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne.

A saída da Casa do Concello será ás 9:30 e o regreso ás 13:30 h. Os interesados teñen ata o martes anterior á data de saída para realizar a súa reserva de praza.

### Día da Muller

O venres día 8 de marzo, con motivo do «Día da Muller» realízase unha MARCHA POLA IGUALDADE que sairá ás 6 da tarde da Casa do Concello cara ó local social de Quintas onde terá lugar un pequeno acto conmemorativo no que o Alcalde recordará esta data que identifica a loita da muller en pro da igualdade e dos seus dereitos.

O Concello invita a tódolos cidadáns, grandes e pequenos, a que se sumen a esta Marcha pola igualdade, a dignidade e a non discriminación por razóns de sexo.

### Aniversario do Centro de Maires

O próximo 14 de marzo celebrarase o V ANIVERSARIO DO CENTRO DE MAIORES. Como en anos anteriores realizarase unha visita cultural ó Museo de Humor de Fene seguida da xa tradicional comida de convivencia, na veciña localidade de Narón, para rematar o día co baile e o sorte de regalos.

O custo será de 25 euros.-

Os socios e socias que queiran participar poden anotarse ata o día 8 de marzo no centro de maiores, nos teléfonos do concello ou dirixíndose os socios e socias colaboradores de cada parroquia: Adragonte. Remedios Viñas, Obre: Carmen Vaamonde, Quintas: Narciso Pena, Souto: Ricardo Dopico, Vigo: Antonia Purriños, Vilamourel: Isabel Purriños e Viñas: Virucha Vazquez e Francisca Ríos.

A recollida polas paradas habituais iniciarase ás 10 da mañá.

### Festa dos Maires

Día 27 de abril. Pavillón Polideportivo Municipal

Poden participar as persoas maiores de 65 anos ou pensionistas maiores de 60 e as súas parellas que estean empadroados no Concello.

Como en cada ocasión, contarase cun autobús para recoller ós asistentes polas distintas parroquias.

Comezará a celebración ás 13:00 horas co saúda do Alcalde ó que lle seguirá a Misa de Campaña e o tradicional acto de felicitación ós maiores de cada parroquia para continuar coa comida todos xuntos.

O custo por persoa é de 15 €.

**PODES ANOTARTE NO CONCELLO ATA O DÍA 22 DE ABRIL**